

Glosario

A.-

Anemómetro




Definición:

É un instrumento meteorolóxico que serve para medir a velocidade do vento.

Exemplo:

O noso anemómetro mide o vento en Km/h.

Árido



Definición:

Que ten pouca humidade.

Exemplo:

Os terreos áridos dificultan o cultivo.

Arquipélago



Definición:

Conxunto de illas que están cerca unhas de outras.

Exemplo:

A illa de Borneo forma parte dun arquipélago con moitas illas máis.

B.-

Barómetro

Definición:

É un instrumento de medición que mide a presión atmosférica.

Exemplo:


O barómetro mide a presión en hectopascales ou milibares.



Biodiversidade

Definición:

É a variedade de seres vivos que existen no planeta. Por exemplo as plantas, os animais, os insectos, os fungos ou os microorganismos, entre outros.



Exemplo:

A biodiversidade proporciónanos todo o necesario para vivir, comida, auga e aire limpo, entre outros.

C.-

Caíac

Definición:


Embarcación de orixe esquimó fabricada tradicionalmente con pel de foca e cunha abertura na cuberta que se axusta ao corpo da persoa que a tripula.



Exemplo:

Os esquimós empregan o caíac para a pesca e a caza.

Cadea trófica



Definición:

Proceso polo que a natureza se conecta e se une a través da alimentación de xeito circular.

Exemplo:

Na natureza todos os seres vivos estamos conectados a través da cadea trófica.

Clima



Definición:

É o conxunto das condicións do tempo, como a temperatura, as precipitacións, o vento e a humidade, que caracterizan un lugar ou rexión.

Exemplo:

O clima do deserto é seco, cálido e con moi poucas choivas.

Climograma




Definición:

É unha gráfica que indica o clima dun lugar ou rexión.

Exemplo:

O climograma da miña cidade amosa que en verán fai moito calor e que case non chove.

Compás



Definición:

Aparello circular con puntos cardinais e unha agulla imantada que sinala o norte.

Exemplo:

O compás indica onde está o norte.

Conca

Definición:



Extensión de terreo, caracterizada porque as súas augas van a un mesmo río, lago ou mar.

Exemplo:

Algunhas zonas do Sahara teñen concas hidrográficas que permiten a aparición de oasis.

Consumo responsable



Definición:

Actuación dunha persoa que merca produtos e/ou servizos de forma consciente, só cando as necesita.

Exemplo:

Fago un consumo responsable cando merco produtos locais.

Curso



Definición:

O curso do río é o percorrido desde o seu nacemento ata a súa desembocadura.

Exemplo:

A lonxitude dun río depende da proximidade das montañas á costa.

D.-

Delta



Definición:


Sedimentos que o río leva ata a súa desembocadura. As súas terras son ricas en nutrientes.

Exemplo:

Nos deltas pódese cultivar arroz, algodón e soia.

E.-

Ecosistema



Definición:

Conxunto de animais e vexetais que forman unha comunidade xunto co medio natural no que viven.

Exemplo:

O ecosistema da selva tropical é moi diverso.

Ecolóxico




Definición:

Aqueles produtos cos que se respeta o medio ambiente na súa produción.

Exemplo:

Esta mazá ecolóxica non ten produtos químicos.

Estación meteorolóxica




Definición:

Instalación destinada a medir e rexistrar datos meteorolóxicos. Estes datos utilízanse para realizar predicións e estudos sobre o clima dun lugar ou rexión.

Exemplo:

A estación meteorolóxica rexistrou temperaturas moi altas para estas datas do ano.

Exportar



Definición:

Vender ou enviar produtos a outro país.


Exemplo:

ra co compás máximo", do proxecto **cREAgal**, publícase coa
Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0

Galicia exporta peixe a outros países.

G.-

Glaciar



Definición:

Río conxelado que se despraza lentamente en forma de lingua por un val.

Exemplo:

O río Ganxes nace nun glaciar.

Golfo



Definición:

Parte do mar que entra na terra entre dous cabos.

Exemplo:

Os barcos gorécense nos golfos cando hai marexada.

Granel



Definición:

Produtos que se venden sen envases e por peso.

Exemplo:

A miña nai mercou froitos secos a granel.

Guía



Definición:

Persoa que orienta nun camiño e ensina as cousas máis importante dun lugar.

Exemplo:

A guía contounos todos os segredos da cidade.

H.-

Haima

Definición:



Tenda de campaña moi lixeira e doada de montar e desmontar que utilizan os nómades no deserto.


Exemplo:

A haima é tan lixeira que pode transportarse en camelo.

I.-

Importar

Definición:



Traer produtos dende outros países, co fin de vendelos no país de destino.

Exemplo:

En España non cultivamos moito aguacate, por iso o que mercamos provén de países como México.

Índigo

Definición:



Cor azul escuro e nome do colorante desa cor que se extrae dunha planta que leva o mesmo nome.

Exemplo:

Os Tuareg tinguen a súa roupa con índigo.

M.-

Meteoroloxía



Definición:

Ciencia que estuda os fenómenos da atmosfera.

Exemplo:

A meteoroloxía estuda algúns fenómenos como o vento ou as precipitacións.

Minimundo

Definición:




Os minimundos son representacións a pequena escala de espazos reais que permiten explorar, imitar e comprender o mundo que os rodea.

Exemplo:

No minimundo que creamos na aula, representamos o ártico con icebergs, xeo, osos polares e iglús.

Miolo



Definición:

Substancia branda interior do pan. Tamén se utiliza para nomear a parte interior e mol dos ósos.


Exemplo:

O crebaosos aliméntase do miolo dos ósos doutros animais.

N.-

Nómade

Definición:




ra co compás máximo", do proxecto *cREAgal*, publícase coa
enza [Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](#)

Persoa que non ten vivenda nin domicilio fixo.

Exemplo:

No deserto hai tribos nómades que durmen en haimas.

Nordés



Definición:

Vento que sopra desde un punto xeográfico entre o Norte e o Leste.

Exemplo:

A mar está picada porque sopra o nordés.

P.-

Pegada ecolóxica



Definición:

Medida do impacto das actividades humanas sobre el medio ambiente.


Exemplo:

A súa pegada ecolóxica aumentou ao usar o coche en lugar de ir na bicicleta.

Pigmeo

Definición:

De escaso tamaño ou de baixa estatura. Sinónimo de anano.



Exemplo:

Na illa de Borneo viven elefantes pigmeos.

Pluviómetro

Definición:

É un instrumento que se emprega para medir a cantidade de choiva que cae.

Exemplo:




Onte no colexio o pluviómetro indicaba 20 mm de auga.

Polinizar

Definición:

Fecundación dunha flor mediante o paso do pole do estame en que se produciu, ao pistilo para dar orixe ao froito.



Exemplo:

O vento, as abellas e algúns outros insectos son os responsables da polinización das flores.

Produto local

Definición:

Aqueles produtos que proveñen ou se cultivan cerca de onde se mercan.



Exemplo:

Nesa tenda só venden produtos locais, son de hortas galegas.

S.-

Salario

Definición:

Cantidade recibida como pagamento dun traballo ou servizo.




Exemplo:

É xusto recibir un salario digno por todos os traballos que se realicen.

Seca


Definición:

Momento no que non hai suficiente auga para as necesidades do ser humano, fauna e flora.



Exemplo:


Produciuse unha seca por non chover en todo o inverno.

Seguridade viaria
Definición:


A seguridade vial é o conxunto de medidas e normas que protexen ás persoas que empregan as vías públicas comunicación ou relativo a elas.

Exemplo:

A seguridade viaria é imprescindible para reducir os accidentes de tráfico.

Setentrional
Definición:


Que está no Norte ou procede do Norte. O antónimo é meridional.

Exemplo:

Cando sopra o vento setentrional vai moito frío. Cando sopra meridional, chove.

Sostible
Definición:


Que permite preservar, manter e mellorar a calidade dos recursos e dos equilibrios naturais, así como velar polo futuro.

Exemplo:

A horta escolar é sostible porque produce alimentos coidando o medio ambiente.

T.-
Termómetro

Definición:

É un aparello que serve para medir a temperatura dun lugar.

Exemplo:

O termómetro da clase marcaba 30°.

Tundra



Definición:

Terreo propio do Ártico, no que o solo está xeadó a meirande parte do ano. A súa vexetación son liques e carrizas.

Exemplo:

Na tundra non hai árbores e hai moi poucos arbustos baixos.

V.-

Veleta



Definición:

Artefacto xiratorio que mide a dirección do vento.

Exemplo:

Co temporal, a veleta ía a gran velocidade.

Z.-

Zona climática




Definición:

É unha parte do planeta que ten un clima similar durante todo o ano. Divídense segundo a cantidade de calor que reciben do sol e as temperaturas ao longo do ano.

Exemplo:

As principais zonas climáticas son a cálida, a temperá e a fría.

Zorra



Definición:

Especie de caixón que se desliza para transportar cousas e/ou persoas.


Exemplo:

Os inuit viaxan en zorras tiradas por cans.

Referencias



Stefan Kühn. Anemómetro de molinete (CC BY 3.0)




Sergio Palao - ARASAAC. Seca (CC BY-NC-SA 4.0)



Sergio Palao - ARASAAC. Archipiélago (CC BY-NC-SA)




Сергин В. А. Барómetro analóxico (Public domain by copyright holder)



Flaticon. Biodiversidad (Licenza Flaticon)




Sergio Palao - ARASAAC. Canoa (CC BY-NC-SA)




Raquelarellanoleo. Representation of the food chain (CC BY-SA 3.0)



Sergio Palao - ARASAAC. Clima (CC BY-NC-SA)



*Modificada elaboración propia de una imagen de ARASAAC (Sergio Palao).
Climograma (CC BY-NC-SA)*



Sergio Palao - ARASAAC. Brújula (CC BY-NC-SA)




ko:User:Mmbb. Representación esquemática de una cuenca hidrográfica (CC BY-SA 3.0)




Sergio Palao - ARASAAC. Responsable (CC BY-NC-SA)



Freepik. Bird's eye view with nature park landscape scene (Licenza Freepik)




Sergio Palao - ARASAAC. Delta (CC BY-NC-SA)



Sergio Palao - ARASAAC. Biosfera (CC BY-NC-SA)



Sergio Palao - ARASAAC. Tienda de productos ecológicos (CC BY-NC-SA)



Sergio Palao - ARASAAC. Estación meteorológica (CC BY-NC-SA)



Sergio Palao - ARASAAC. Exportar(CC BY-NC-SA 4.0)



Flaticon. Perito Moreno (Licenza Flaticon)



Sergio Palao - ARASAAC. Golfo (CC BY-NC-SA 4.0)



Sergio Palao - ARASAAC. Tienda de productos a granel (CC BY-NC-SA)




Sergio Palao - ARASAAC. Guía (CC BY-NC-SA)



Sergio Palao - ARASAAC. Haima (CC BY-NC-SA 4.0)



Sergio Palao - ARASAAC. Importar (CC BY-NC-SA)




Sergio Palao - ARASAAC. Azul (CC BY-NC-SA 4.0)




Sergio Palao - ARASAAC. Fenómeno atmosférico (CC BY-NC-SA)




Sergio Palao - ARASAAC. Paisaje (CC BY-NC-SA)




Sergio Palao - ARASAAC. Miga (CC BY-NC-SA)



Sergio Palao - ARASAAC. Nómade (CC BY-NC-SA 4.0)



Sergio Palao - ARASAAC. Nordés (CC BY-NC-SA)




Sergio Palao - ARASAAC. Ecología (CC BY-NC-SA)



Famartin. Pluviómetro – inch plastic rain gauge typical of those used by the CoCoRaHS program (CC Attribution-Share Alike 3.0 Unported)

Sergio Palao - ARASAAC. Pequeno (CC BY-NC-SA 4.0)




Sergio Palao - ARASAAC. Polinizar (CC BY-NC-SA)




Sergio Palao - ARASAAC. Produto local (CC BY-NC-SA)




Sergio Palao - ARASAAC. Salario (CC BY-NC-SA 4.0)



Sergio Palao - ARASAAC. Seca (CC BY-NC-SA 4.0)



Sergio Palao - ARASAAC. Educación viaria (CC BY-NC-SA)



Sergio Palao - ARASAAC. Norte (CC BY-NC-SA 4.0)	Flaticon. Sustainable energy (Licenza Flaticon)
 Martinvl. CelsiusKelvinThermometer (CC Attribution-Share Alike 3.0 Unported)	 Creación propia para o proxecto cREAgal. Tundra (Licenza cREAgal)
 Jay Cuthrell. Wilber's BBQ - Pig vane (Creative Commons Genérica de Atribución/Compartir-Igual 2.0)	 Sergio Palao - ARASAAC. Tiempo y clima (CC BY-NC-SA)
 Sergio Palao - ARASAAC. Zorra (CC BY-NC-SA 4.0)	